

# ESTATUTOS DA ANPA VIRXEN DO CARME.

## CAPÍTULO I

### DENOMINACIÓN, FINS, ACTIVIDADES, DOMICILIO E ÁMBITO

#### Artigo 1º - Denominación:

Procédese a modifica-los estatutos da asociación denominada ANPA VIRXEN DO CARME con número de inscrición 1993/003074-1 (PO) do Rexistro Provincial de Asociacións 3.074 no Rexistro da Subdelegación do Goberno de Pontevedra de asociacións sen ánimo de lucro 1993/3074-1, e con CIF G-36207611.

Esta ANPA rexerese pola **Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo** reguladora do Dereito de Asociación e normas concordantes e as que en cada momento lle sexan aplicables e polos Estatutos vixentes.

#### Artigo 2º. Personalidade e capacidade.

A asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordeamento xurídico.

#### Artigo 3º - Fins

A Asociación ten como fins:

- a) Asistir as nais e pais, titoras e titores ou representantes legais de alumnos en todo aquilo que concierne á educación dos seus fillos ou pupilos.
- b) Colaborar coas actividades educativas do centro.
- c) Promover a participación das nais, pais, titoras ou titores ou representantes legais dos alumnos na xestión do Centro, a través dos órganos previstos ao efecto da lexislación vixente.
- d) Promover e realizar actividades de carácter social, cultural e deportivo.
- e) Promover a solidariedade.
- f) Calquera outra que dentro da normativa vixente lle asignen os seus respectivos estatutos.

#### Artigo 4º - Actividades

Para o cumprimento dos seus fins poderánse realizar as seguintes actividades:

1. Dinamización dun espazo de encontro.
2. Organización de actividades socio-culturais, deportivas, lúdicas...etc

Bea R.M.

3. Organización de cursos seminarios, conferencias e outros actos análogos.
4. Elaboración e edición de materiais normativos, revistas, folletos e calquera outro tipo de publicación para a difusión das ideas da asociación.
5. Calquera outra actividade que a Xunta Directiva considere axeitada para o cumprimento dos fins da asociación.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente o cumprimento destes fins, sin que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

#### **Artigo 5° -Enderezo e Ámbito**

O enderezo social da Asociación fíxase na rúa **A Xunqueira nº 12, 36690 PONTESAMPAIO**, e o seu ámbito de actuación comprende o Concello de Pontevedra.

## **CAPÍTULO II**

### **ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN.**

#### **Artigo 6° - Órganos de goberno e representación da Asociación.**

Os órganos de goberno e representación da Asociación son, respectivamente, a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, que adoptarán os seus acordos de conformidade co principio maioritario ou de democracia interna.

## **CAPÍTULO III**

### **ASEMBLEA XERAL**

#### **Artigo 7°- Natureza**

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por todos os asociados.

#### **Artigo 8° - Reunións**

As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase tantas veces como sexa convocada pola Xunta Directiva e, polo menos, unha vez ao ano durante o primeiro trimestre; as extraordinarias, nos supostos previstos pola lei e previa convocatoria

Ben Ray  
2/11

pola Xunta Directiva ou cando o solicite por escrito un número de asociados non inferior ao 25 por 100.

#### **Artigo 9º - Convocatorias.**

As convocatorias das Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, faranse por escrito, expresando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria haberán de mediar polo menos 15 días e en segunda convocatoria media hora despois. A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día estará a disposición das persoas asociadas na secretaría do centro, cunha antelación mínima de 15 días naturais a celebración da Asemblea.

#### **Artigo 10º - Quórum de validez de constitución e quórum de adopción de acordos**

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán válidamente constituídas en 1ª convocatoria cando concorran a elas, polo menos un terzo dos asociados e en 2ª convocatoria, con calquer número de asistentes con dereito a voto. En todo caso, terán que estar presentes as persoas que obxecten a presidencia e a secretaría ou persoas que as substitúan.

Os acordos tomaranse por maioría simple de votos das persoas presentes ou representadas, salvo nos supostos de modificación de estatutos, disolución da asociación, disposición ou alleamento de bens, nos que será necesaria unha maioría de dous terzos de votos das persoas presentes, decidindo en caso de empate o voto de calidade do Presidente, ou de quen o substitúa na súa ausencia.

#### **Artigo 11º - Facultades da Asemblea Xeral Ordinaria**

Son facultades da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Nomeamento da Xunta Directiva e os seus cargos.
- b) Examinar e aprobar os orzamentos anuais e as contas.
- c) Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- d) Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.
- e) Adoptar o acordo para constituír unha Federación de Asociacións ou integrarse nalgunha.
- f) Expulsión de socios a proposta da Xunta Directiva.
- g) Solicitude de declaración de utilidade pública.
- h) Disposición e alleamento de bens.
- i) Aprobar o Regulamento de Réxime Interior.
- j) Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea extraordinaria.

## **Artigo 12°- Facultades da Asemblea Xeral Extraordinaria.**

Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria a modificación dos Estatutos e a disolución da Asociación, e calquer outro punto que non se reflexe nas facultades da Asemblea Xeral Ordinaria.

## **CAPÍTULO IV XUNTA DIRECTIVA**

### **Artigo 13°- Natureza e composición**

A Xunta Directiva é o órgano de representación que xestiona e representa os intereses da Asociación de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral. Estará formada por un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e a lo menos dous Vocais, designados pola Asemblea Xeral entre os asociados maiores de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís que non estean incurso en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos. O seu mandato terá unha duración de mínima de 2 anos que poderán ser prorrogables.

Todos os cargos que compón a Xunta Directiva serán gratuítos.

O Presidente, Vicepresidente e o Secretario da Xunta Directiva serán, así mesmo, Presidente, Vicepresidente e Secretario da Asociación e da Asemblea Xeral.

### **Artigo 14°- Procedementos para a elección e substitución de membros**

A elección dos membros da Xunta Directiva pola Asemblea Xeral realizarase mediante a presentación de candidaturas, ás que se lles permitirá a adecuada difusión.

En caso de ausencia ou enfermidade dalgún membro da Xunta Directiva, poderá ser suplido provisionalmente por outro dos membros da asociación, previa designación por maioría dos membros da Xunta Directiva e **que deberá ser ratificada na próxima Asemblea Xeral Ordinaria que se convoque**, salvo no caso do Presidente que será substituído polo Vicepresidente.

Os membros da Xunta Directiva cesarán:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva sen dereito ó reintegro do importe da cota.
- b) Por baixa no Centro dos fillos ou pupilos.
- c) Por incumprimento das súas obrigacións económicas.

- d) Por incumprimento grave e reiterado dos estatutos e acordos da Asociación.
- e) Por conduta incorrecta, por desprestixiar á Asociación con feitos ou con palabras que perturben gravemente os actos organizados pola mesma e a normal convivencia entre os asociados.
- f) Por transcurso do período do seu mandato.
- g) Por acordo da Asemblea Xeral.
- h) Morte ou declaración de falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
- i) Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido no ordenamento xurídico.

#### **Artigo 15° -Reunións e quórum de constitución e adopción de acordos.**

A Xunta Directiva reunirse previa convocatoria, debendo mediar polo menos tres días entre esta e a súa celebración, cantas veces determine o Presidente e a petición de 1/3 dos seus membros. Quedará constituída cando asista 1/3 dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser adoptados por maioría de votos dos presentes. En caso de empate, sera de calidade o voto do Presidente ou de quen faga as súas veces.

#### **Artigo 16° -Facultades da Xunta Directiva**

Son facultades da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actas, sen prexuízo do disposto no artigo 10.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Elaborar e someter á aprobación da Asemblea Xeral os orzamentos anuais e as Contas.
- d) Elaborar, no seu caso, o Regulamento de Réxime Interior.
- e) Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- f) Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.
- g) Velar polo cumprimento dos Estatutos.

h) Coordinar e dirixir o labor das Comisións de Traballo.

i) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral.

#### **Artigo 17° - O Presidente.**

O Presidente terá as seguintes atribucións:

a) Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados.

b) Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

c) Dirixir as deliberacións dunha e outra.

d) Ordenar pagos e autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia.

#### **Artigo 18° - O Vicepresidente**

O Vicepresidente substituirá ao Presidente en ausencia deste, motivada por enfermidade ou calquera outro motivo, e terá as mesmas atribucións que o Presidente.

#### **Artigo 19° - O Secretario**

O Secretario terá ao seu cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Asociación, expedirá certificacións, levará os ficheiros e custodiará a documentación da entidade, remitindo no seu caso, as comunicación á Administración, cos requisitos pertinentes.

#### **Artigo 20° - O Tesoureiro**

O Tesoureiro recadará os fondos pertencentes á asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente.

#### **Artigo 21° - Os Vogais**

Os Vogais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva e así como as que nazcan das delegacións ou comisión de traballo que a propia Xunta lles encomende.



## CAPITULO V

### OS ASOCIADOS.

#### Artigo 22° - Requisitos para asociarse.

Poderán pertencer á Asociación todos os pais, nais, titores ou representantes legais dos alumnos matriculados no Centro formando unha unidade familiar, sempre que o soliciten por escrito e abonen as cotas que se establezan,

#### Artigo 23° - Dereitos dos asociados.

- a) Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación.
- b) Exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral. Cada cota pagada de asociado xerará dereito a 1 voto.
- c) Ser informado acerca da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento de a súa actividade.
- d) Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra él.
- e) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou os estatutos.
- f) Facer suxestións aos membros da Xunta Directiva en orde ao mellor cumprimento dos fins da Asociación.

#### Artigo 24° - Deberes dos asociados

Os asociados terán as seguintes obrigacións:

- a) Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a consecución das mesmas.
- b) Pagar as cotas, derramas e outras achegas que, con arranxo aos estatutos, poidan corresponder a cada asociado.
- c) Cumprir o resto de obrigacións que resulten das disposicións estatutarias.
- d) Acatar e cumprir os acordos válidamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.



## **Artigo 25° - Causas de perda da condición de asociado.**

A condición de socio pérdese:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva sen dereito ó reintegro do importe da cota.
- b) Por baixa no Centro dos fillos ou pupilos.
- c) Por incumprimento das súas obrigacións económicas.
- d) Por incumprimento grave e reiterado dos estatutos e acordos da Asociación.
- e) Por conduta incorrecta, por desprestixiar á Asociación con feitos ou con palabras que perturben gravemente os actos organizados pola mesma e a normal convivencia entre os asociados.

Nos supostos de adopción de medidas disciplinarias, informarase en todo caso ao afectado dos feitos que poidan dar lugar a tales medidas, e oíráselle previamente, debendo ser motivado o acordo que, en tal sentido, se adopte.

## **CAPITULO VI**

### **RÉXIME DE FINANCIAMENTO, CONTABILIDADE E DOCUMENTACIÓN**

#### **Artigo 26° - Obrigacións documentais e contables.**

A Asociación disporá dunha relación actualizada de asociados. Así mesmo, levará unha contabilidade onde quedará reflectido o patrimonio, os resultados, a situación financeira da entidade e as actividades realizadas. Tamén disporá dun inventario actualizado dos seus bens. Nun Libro de Actas, figurarán as correspondentes ás reunións que celebren os seus órganos de goberno e representación.

#### **Artigo 27° - Recursos Económicos**

Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas de entrada, periódicas ou extraordinarias aprobadas pola Asemblea Xeral.
- b) As subvencións, legados ou herdanzas que puidese recibir de forma legal por parte dos asociados ou de terceiras persoas.

Ben RM



c) Calquera outro recurso lícito.

### **Artigo 28° - Patrimonio Inicial e Peche de Exercicio**

A Asociación carece de Patrimonio inicial.

O peche do exercicio asociativo coincidirá co peche do curso escolar.

## **CAPÍTULO VII**

### **DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

**Artigo 29°.-** O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nos presentes estatutos, como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, non podendo ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ó ordenamento xurisdiccional civil.

## **CAPITULO VIII**

### **DISOLUCIÓN**

#### **Artigo 30° - Acordo de disolución.**

A asociación disolverase:

- a) Por vontade dos asociados expresada mediante acordo da Asemblea Xeral.
- b) Por imposibilidade de cumprir os fins previstos nos estatutos apreciada por acordo da Asemblea Xeral.
- c) Por sentenza xudicial.

O acordo de disolución adoptarase pola Asemblea Xeral, convocada ao efecto, por maioría de 2/3 dos asociados.

#### **Artigo 31° - Comisión Liquidadora.**

En caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora, a cal, unha vez extinguidas as débedas, e se existise sobrante líquido destinarao para fins benéficos, buscando sempre o beneficio do alumnado do Centro.



Os liquidadores terán as funcións que establecen os apartados 3 e 4 do artigo 18 da Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo.

**Artigo 32º - Disposicións adicionais.**

En todo canto non esté previsto nos presentes estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

**DILIXENCIA:**

Para facer constar que os presentes estatutos quedan redactados conforme as modificacións aprobadas na Asamblea xeral extraordinaria celebrada en data 25/02/2016 e coas maiorías previstas nos estatutos da asociación.

A Secretaria.